

DEIXAR O IES MELIDE

A maioría dos rapaces queren deixar o instituto porque se senten angustiados polo estudo.

A maioría deles son de quince e dezaseis anos. Os rapaces queren marchar para traballar, pero eles non saben que para cobrar máis ou menos ben, failles falla o graduado.

As rapazas son máis pacíficas e elas prefiren sacar normalmente o graduado ou facer o Bacharelato, non pensan tanto en saír do instituto con quince e dezaseis anos para traballar.

A maioría dos alumnos ao ver o boletín da primeira avaliación xa non teñen ánimos para rematar ben o curso.

Normalmente, os rapaces que veñen novos para o instituto dan un baixón nos estudos pero co tempo van mellorando e algúns non se dan de conta e pensan que por ter ao primeiro malas notas van seguir así, ben, hai algúns que si, pero normalmente soben.

Tamén hai profesores que se tiñan que dar de conta de que se un alumno ten unha nota no límite, o mellor sería que tirasen del todo o que puidesen, porque algunhas veces non se dan de conta que as décimas que podían poñer a un alumno son bastante importantes para aprobar.

O que eu creo é que aquí vénse para saír coa cabeza moi alta, con un graduado, ou se hai sorte, poder facer unha carreira. As persoas que saen antes de ter un graduado son un fracaso para este instituto e para calquera outro.

CRIS

